

**MODELO DE EXAME Nº 1**  
**Materia: Historia de España**  
**Convocatoria: 3º Trimestre (Modelo PAU)**

**Instrucións xerais:**

- Duración: 90 minutos.
- Responda a todas as preguntas.
- Puntuación total: 10 puntos.
- Valorarase a claridade, a coherencia, a corrección gramatical e o uso axeitado da terminoloxía histórica.

**PREGUNTA 1. SOCIEDADES NO TEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN (2,5 puntos)**

Está a preparar uns materiais didácticos sobre a España dos Austrias e atopa este texto elaborado cunha ferramenta de intelixencia artificial. Debe revisalo para detectar, explicar e corrixir os erros.

**TEXTO PARA REVISAR:**

**Responda estes tres apartados:**

- 1.1. Identifique as informacións erróneas. (0,5 puntos)
- 1.2. Explique os erros detectados. (1,5 puntos)
- 1.3. Proceda á súa redacción correcta. (0,5 puntos)

**PREGUNTA 2. O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. ANÁLISE COMPARATIVA. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

- 2.1. Compare as **desamortizacións de Mendizábal (1836) e Madoz (1855)** atendendo aos seus obxectivos, aos bens afectados e ás consecuencias sociais e económicas. (2,5 puntos)
- 2.2. Compare os obxectivos e as medidas do **reformismo conservador de Antonio Maura (1907-1909)** e do **reformismo liberal de José Canalejas (1910-1912)**. (2,5 puntos)

**PREGUNTA 3. O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

- 3.1. **Doc.1. Petición ás Cortes da clase obreira (El Eco de la Clase Obrera, setembro 1855)**

“Señores Deputados das Cortes Constituíntes: Hai anos que a nosa clase vai camiñando cara a súa ruína. Os salarios minguan. O prezo dos comestibles e dos cuartos é máis alto. As crises industriais

sucédense. Temos que (...) mandar ao taller as nosas donas con prexuízo da educación dos nosos fillos, sacrificar a estes mesmos fillos a un traballo prematuro. É xa gravísimo o mal, urxe o remedio, e agardámolo de vosoutros. Non pretendemos que ataques a liberdade do individuo, porque é sagrada e inviolable; nin que metades a concorrencia, porque é a vida das artes; nin que carguedes sobre o Estado a obriga de socorrernos, porque coñecemos os apuros do Tesouro. Pedímosvos unicamente o libre exercicio dun dereito: do dereito de ASOCIARNOS.” (2,5 puntos)

### 3.2. Doc.2. Carta do xeneral Mola sobre a conspiración militar (xuño 1936)

“Debe advertirse que la acción ha de ser en extremo violenta para reducir lo antes posible al enemigo, que es fuerte y bien organizado. Desde luego, serán encarcelados todos los directivos de los partidos políticos, sociedades y sindicatos no afectos, aplicándoles castigos ejemplares a dichos individuos para estrangular los movimientos de rebeldía o huelgas. Se tendrá en cuenta que la lucha ha de ser sin cuartel. (...) Los simpatizantes de la República serán detenidos y aplicados los bandos, que serán terribles.” (2,5 puntos)

## PREGUNTA 4. O MODELO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO ESPAÑOL. COMENTARIO DE TÁBOAS DE DATOS. (2,5 puntos)

Responda un destes dous apartados:

### 4.1. Evolución da poboación española (século XIX)

| Ano  | Poboación (millóns de habitantes) | Taxa de natalidade (‰) | Taxa de mortalidade (‰) |
|------|-----------------------------------|------------------------|-------------------------|
| 1800 | 11,0                              | 38                     | 30                      |
| 1850 | 14,5                              | 36                     | 29                      |
| 1900 | 18,6                              | 34                     | 28                      |

Fonte: Elaboración propia.

### 4.2. Distribución da poboación activa por sectores en Galicia (1900–1950)

| Ano  | Sector primario | Sector secundario | Sector terciario |
|------|-----------------|-------------------|------------------|
| 1900 | 75%             | 10%               | 15%              |
| 1930 | 65%             | 15%               | 20%              |
| 1950 | 60%             | 18%               | 22%              |

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

**MODELO DE EXAME Nº 2**  
**Materia: Historia de España**  
**Convocatoria: 3º Trimestre (Modelo PAU)**

**PREGUNTA 1. SOCIEDADES NO TEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN (2,5 puntos)**

Atopou este texto sobre a conquista e colonización de América e sospeita que contén erros. Réviseos e corríxaos.

**TEXTO PARA REVISAR:**

**Responda estes tres apartados:**

- 1.1. Identifique as informacións erróneas. (0,5 puntos)
- 1.2. Explique os erros detectados. (1,5 puntos)
- 1.3. Proceda á súa redacción correcta. (0,5 puntos)

**PREGUNTA 2. O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. ANÁLISE COMPARATIVA. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

- 2.1. Compare a **industrialización en Cataluña (sector téxtil)** e a **industrialización no País Vasco (siderurxia)** durante o século XIX, atendendo aos recursos, ao financiamento e ás consecuencias sociais. (2,5 puntos)
- 2.2. Compare as características do **Directorio Militar (1923-1925)** e do **Directorio Civil (1925-1930)** da ditadura de Primo de Rivera. (2,5 puntos)

**PREGUNTA 3. O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

**3.1. Doc.1. Incendio da fábrica Bonaplata (Barcelona, 1835)**

“Foi queimada a fábrica de tecidos e fundición de ferro dos señores Bonaplata e Cía. As autoridades, cando se decataron de que tentaban este ataque os amotinados, enviaron toda a forza de que se podía dispoñer, co fin de atallar o incendio; máis en balde, xa que estaban determinados a facelo, convencidos de que os teares movidos por máquinas diminuían a produción do traballo manual.” (2,5 puntos)

**3.2. Doc.2. Pacto de San Sebastián (agosto 1930)**

“A reunión, presidida por D. Niceto Alcalá Zamora, tivo por obxecto cambiar impresións acerca da conveniencia de aunar os esforzos de todos os elementos republicanos para actuar en forma conxunta (...). Acordouse por unanimidade constituír un Comité Revolucionario (...) e designar os

vocais que, baixo a presidencia de D. Niceto Alcalá Zamora, asumirían a responsabilidade de organizar e dirixir o movemento (...) e constituír o Goberno provisional da República.” (2,5 puntos)

**PREGUNTA 4. O MODELO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO ESPAÑOL. COMENTARIO DE TÁBOAS DE DATOS. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

**4.1. Propietarios e valor dos bens desamortizados entre 1836 e 1867 (en millóns de reais)**

| Período      | Clero        | Beneficencia | Concellos    | Outros     | Total        |
|--------------|--------------|--------------|--------------|------------|--------------|
| 1836-1844    | 3.447        | 0            | 0            | 0          | 3.447        |
| 1855-1856    | 324          | 167          | 160          | 116        | 767          |
| 1858-1867    | 1.253        | 461          | 1.998        | 438        | 4.150        |
| <b>Total</b> | <b>5.024</b> | <b>628</b>   | <b>2.158</b> | <b>554</b> | <b>8.364</b> |

Fonte: Gabriel Tortella, El desarrollo de la España contemporánea.

**4.2. Incrementos de producción de produtos metálicos (1960-1973)**

| Produtos                   | 1960 (en miles) | 1973 (en miles) | Cambio porcentual |
|----------------------------|-----------------|-----------------|-------------------|
| Buques (toneladas botadas) | 158             | 1.596           | +910%             |
| Automóviles                | 40              | 704             | +1.660%           |
| Neveiras                   | 29              | 95              | +3.175%           |
| Lavadoras                  | 77              | 850             | +1.003%           |
| Televisores                | 39              | 680             | +1.643%           |

Fonte: Elaboración propia.

**MODELO DE EXAME Nº 3**  
**Materia: Historia de España**  
**Convocatoria: 3º Trimestre (Modelo PAU)**

**PREGUNTA 1. SOCIEDADES NO TEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN (2,5 puntos)**

Está a revisar un texto sobre o reformismo borbónico en Galicia para unha exposición. Detecte os erros e corríxaos.

**TEXTO PARA REVISAR:**

**Responda estes tres apartados:**

- 1.1. Identifique as informacións erróneas. (0,5 puntos)
- 1.2. Explique os erros detectados. (1,5 puntos)
- 1.3. Proceda á súa redacción correcta. (0,5 puntos)

**PREGUNTA 2. O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. ANÁLISE COMPARATIVA. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

- 2.1. Compare a **Lei Xeral de Ferrocarrís de 1855** e a **Lei de Desamortización de Madoz (1855)** como dúas medidas clave do Bienio Progresista para a modernización económica de España. (2,5 puntos)
- 2.2. Compare as políticas económicas da **Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930)** e do **Primeiro Franquismo (1939-1959)**. (2,5 puntos)

**PREGUNTA 3. O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

- 3.1. **Doc.1. Perigo da Asociación Internacional de Traballadores (La Defensa de la Sociedad, setembro 1872)**

“Proba en verdade que atinxe a reis e pobos, a sacerdotes e profanos, ao cidadán humilde e ao elevado magnate, á relixión, á moral, á propiedade, ao traballo; á autoridade, á liberdade, á paz pública; á patria, á familia, á seguridade persoal; á orde, ao goberno, á economía política; e en fin, a todas as entrañas da vida da humanidade. (...) esa tempestade de erros (...), políglota e cosmopolita, que se titula a Asociación Internacional.” (2,5 puntos)

### 3.2. Doc.2. Constitución de 1931 (artigos 26 e 27)

“Artigo 26. Quedan disoltas aquelas Ordes relixiosas que estatutariamente impoñan, ademais dos tres votos canónicos, outro especial de obediencia a autoridade distinta da lexítima do Estado. (...) Artigo 27. A liberdade de conciencia e o dereito de profesar e practicar libremente calquera relixión están garantidos no territorio español, agás o respecto debido ás exixencias da moral pública. Os cemiterios estarán sometidos exclusivamente á xurisdición civil.” (2,5 puntos)

### PREGUNTA 4. O MODELO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO ESPAÑOL. COMENTARIO DE TÁBOAS DE DATOS. (2,5 puntos)

Responda un destes dous apartados:

#### 4.1. Producción de ferro coado en España (1861-1900) (miles de toneladas)

| Anos      | Málaga | Sevilla | Oviedo | Biscaia | Outros | Total  |
|-----------|--------|---------|--------|---------|--------|--------|
| 1861-65   | 12,43  | 2,22    | 13,17  | 11,73   | 6,10   | 45,65  |
| 1871-75   | 3,08   | 1,38    | 24,90  | 8,72    | 7,45   | 45,53  |
| 1881-85   | 1,51   | 1,38    | 40,08  | 76,71   | 11,91  | 131,59 |
| 1896-1900 | —      | —       | 52,10  | 227,69  | 9,45   | 289,24 |

Fonte: Jordi Nadal, El fracaso de la Revolución Industrial en España.

#### 4.2. Evolución do PIB por sectores en España (1950-2000) (en porcentaxe)

| Ano  | Agricultura | Industria | Servizos |
|------|-------------|-----------|----------|
| 1950 | 30%         | 25%       | 45%      |
| 1975 | 10%         | 35%       | 55%      |
| 2000 | 4%          | 30%       | 66%      |

Fonte: INE.

**MODELO DE EXAME Nº 4**  
**Materia: Historia de España**  
**Convocatoria: 3º Trimestre (Modelo PAU)**

**PREGUNTA 1. SOCIEDADES NO TEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN (2,5 puntos)**

Atopa este texto sobre a Ilustración en España. Revise os erros históricos que contén.

**TEXTO PARA VISAR:**

**Responda estes tres apartados:**

- 1.1. Identifique as informacións erróneas. (0,5 puntos)
- 1.2. Explique os erros detectados. (1,5 puntos)
- 1.3. Proceda á súa redacción correcta. (0,5 puntos)

**PREGUNTA 2. O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. ANÁLISE COMPARATIVA. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

- 2.1. Compare a **situación do campesiñado no sur de España (latifundismo) e a situación do campesiñado en Galicia (minifundismo e foros)** durante o século XIX, atendendo ás formas de propiedade e ás repercusións sociais. (2,5 puntos)
- 2.2. Compare a política relixiosa da **II República (1931-1936)** e a do **franquismo (1939-1975)**. (2,5 puntos)

**PREGUNTA 3. O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

- 3.1. **Doc.1. Manifesto da Federación Rexional Española da AIT (Madrid, 31 xaneiro 1872)**

“O noso lema non pode ser máis claro nin terminante: NON MÁIS DEREITOS SEN DEBERES; NON MÁIS DEBERES SEN DEREITOS Ou noutros termos: O QUE QUEIRA COMER QUE TRABALLE Este é o socialismo que proclama a Internacional, cuxas dúas afirmacións principais son: en economía, o colectivismo; en política, a anarquía. O colectivismo, é dicir, a propiedade común dos instrumentos do traballo, utilización dos mesmos polas colectividade obreiras que os fagan directamente producir, e propiedade individual do froito íntegro do traballo de cada cal. A anarquía, é dicir, a abolición dos gobernos, ou sexa a súa conversión en simples administradores dos intereses colectivos.” (2,5 puntos)

### 3.2. Doc.2. Estatuto de Autonomía de Galicia (plebiscito do 28 de xuño de 1936)

“Galicia, en expresión da súa vontade autónoma, constitúese en rexión autónoma dentro do Estado español, de acordo coa Constitución da República e o presente Estatuto. O territorio de Galicia comprende o das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. A lingua galega é idioma oficial en Galicia, xunto co castelán.” (2,5 puntos)

### PREGUNTA 4. O MODELO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO ESPAÑOL. COMENTARIO DE TÁBOAS DE DATOS. (2,5 puntos)

Responda un destes dous apartados:

#### 4.1. Evolución da poboación activa agraria e urbana en España (1860-1930)

| Ano  | Poboación activa agraria | Poboación activa industrial e servizos |
|------|--------------------------|--|
| 1860 | 70%                      | 30%                                    |
| 1900 | 66%                      | 34%                                    |
| 1930 | 45%                      | 55%                                    |

Fonte: Elaboración propia.

#### 4.2. Indicadores económicos do franquismo (1940-1975)

| Ano  | Renda per cápita (índice 1913=100) | Produción industrial (índice 1929=100) |
|------|------------------------------------|--|
| 1940 | 95                                 | 90                                     |
| 1950 | 110                                | 120                                    |
| 1960 | 150                                | 200                                    |
| 1975 | 350                                | 500                                    |

Fonte: Elaboración propia a partir de Carreras e Tafunell.

**MODELO DE EXAME Nº 5**  
**Materia: Historia de España**  
**Convocatoria: 3º Trimestre (Modelo PAU)**

**PREGUNTA 1. SOCIEDADES NO TEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN (2,5 puntos)**

Está a preparar unha unidade didáctica sobre a muller na Idade Moderna e atopa este texto. Detecte e corrixa os erros.

**TEXTO PARA REVISAR:**

**Responda estes tres apartados:**

- 1.1. Identifique as informacións erróneas. (0,5 puntos)
- 1.2. Explique os erros detectados. (1,5 puntos)
- 1.3. Proceda á súa redacción correcta. (0,5 puntos)

**PREGUNTA 2. O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. ANÁLISE COMPARATIVA. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

- 2.1. Compare a **industria téxtil catalá e a industria conserveira galega** durante o século XIX, atendendo á súa localización, aos recursos utilizados e ao mercado ao que se destinaban. (2,5 puntos)
- 2.2. Compare as políticas sociais e laborais da **II República (1931-1936)** e do **franquismo (1939-1975)**. (2,5 puntos)

**PREGUNTA 3. O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

- 3.1. **Doc.1. Informe da Agrupación Socialista Madrileña (1884)**

“Queredes de boa fe favorecer a clase traballadora? Recoñecédelle os dereitos políticos; permitidelle a libre emisión das súas ideas, a asociación en defensa dos seus intereses, a libre acción política, nunha palabra. Reservádevos en boa hora, o dereito de manter pola forza a orde pública. Nós, que sabemos que toda revolución vai precedida dunha evolución máis ou menos rápida, pero sempre longa, coidaremos de non vos dar o gusto de que resolvades pola forza o que non podeades alcanzar coa razón. Quedaremos citados para a batalla final. Entre tanto, viviremos dentro da legalidade, limitada só pola necesidade da orde pública; loitaremos pacificamente na prensa, nos comicios, nas asembles. Compararemos pacificamente intereses con intereses, doutrina con doutrina. Veremos cales triunfan na opinión pública, na conciencia social.” (2,5 puntos)

### 3.2. Doc.2. Pacto de Santoña (agosto 1937)

“Os xefes e oficiais do exército vasco que así o desexen poderán incorporarse ás forzas do xeneral Franco, mantendo a súa graduación e antigüidade. Os soldados vascos, logo de entregar as armas, serán repatriados ás súas casas e non sufrirán represalias polas súas actividades anteriores. O goberno de Euzkadi comprométese a non seguir loitando e a entregar as posicións que ocupa.” (2,5 puntos)

## **PREGUNTA 4. O MODELO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO ESPAÑOL. COMENTARIO DE TÁBOAS DE DATOS. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

### 4.1. Evolución da rede ferroviaria española (1848-1900)

| Ano  | Quilómetros de vía |
|------|--------------------|
| 1848 | 28                 |
| 1860 | 1.800              |
| 1870 | 5.000              |
| 1900 | 10.000             |

Fonte: Elaboración propia.

### 4.2. Evolución da taxa de analfabetismo en España e Galicia (1900-1970)

| Ano  | España | Galicia |
|------|--------|---------|
| 1900 | 45%    | 60%     |
| 1930 | 28%    | 40%     |
| 1950 | 15%    | 25%     |
| 1970 | 8%     | 12%     |

Fonte: INE e IGE.

**MODELO DE EXAME Nº 6**  
**Materia: Historia de España**  
**Convocatoria: 3º Trimestre (Modelo PAU)**

**PREGUNTA 1. SOCIEDADES NO TEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN (2,5 puntos)**

Está a revisar un texto sobre a economía e sociedade na Galicia dos Austrias. Corrixa os erros que atope.

**TEXTO PARA REVISAR:**

**Responda estes tres apartados:**

- 1.1. Identifique as informacións erróneas. (0,5 puntos)
- 1.2. Explique os erros detectados. (1,5 puntos)
- 1.3. Proceda á súa redacción correcta. (0,5 puntos)

**PREGUNTA 2. O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. ANÁLISE COMPARATIVA. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

- 2.1. Compare a **emigración galega a América e a emigración interior (éxodo rural) noutras rexións de España** durante o século XIX, atendendo ás causas, aos destinos e ás consecuencias demográficas e económicas. (2,5 puntos)
- 2.2. Compare a **crise de 1917 e a crise final da Restauración (1921-1923)** como momentos de descomposición do sistema canovista. (2,5 puntos)

**PREGUNTA 3. O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

**3.1. Doc.1. Gabriel Tortella sobre a “Revolución Industrial” española**

“Hai no século XIX español un número elevado de esforzos a prol da modernización do país. Por unha banda temos os esforzos privados da clase empresarial catalá por crear unha base industrial no principado. Por outra están os repetidos intentos progresistas por sentar as bases políticas e lexislativas dunha sociedade moderna, é dicir, industrializada e tecnificada. O século XIX non foi en España de absoluto estancamento: en Cataluña, e en especial en Barcelona, desenvolveuse unha notable industria; o país levou a cabo a desamortización e a construción da rede ferroviaria; reformouse a educación, o sistema monetario e bancario, os impostos; instituíuse definitivamente o orzamento; sentáronse as bases da industria siderúrxica, etc. Pero en total a tan cacarexada revolución industrial non tivo lugar.” (2,5 puntos)

### 3.2. Doc.2. Proclama de Franco tras o golpe de Estado (18 de xullo de 1936)

“Españoles: A todos los que sentís el santo amor a España, a los que en las filas del Ejército y la Armada habéis hecho profesión de fe en el servicio de la Patria, a cuantos habéis jurado defenderla de sus enemigos, la Nación os llama a su defensa. La situación de España es cada día más crítica; la anarquía reina en la mayoría de los campos y pueblos; las autoridades de gobierno, nombradas por el Frente Popular, lejos de garantizar la vida y la propiedad, amparan a los que atentan contra ellas (...). Por todo ello, los españoles que amamos a la Patria y no vemos para ella otro camino que la muerte si fuera vencida, nos levantamos en su defensa.” (2,5 puntos)

### PREGUNTA 4. O MODELO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO ESPAÑOL. COMENTARIO DE TÁBOAS DE DATOS. (2,5 puntos)

Responda un destes dous apartados:

#### 4.1. Distribución da propiedade da terra en España (século XIX)

| Tipo de propiedade    | Porcentaxe de terras | Porcentaxe de propietarios |
|-----------------------|----------------------|----------------------------|
| Latifundios (>250 ha) | 50%                  | 1%                         |
| Mediana propiedade    | 30%                  | 15%                        |
| Minifundios (<10 ha)  | 20%                  | 84%                        |

Fonte: Elaboración propia.

#### 4.2. Evolución da afiliación sindical en España (1900-1936)

| Ano  | Afiliados a UXT | Afiliados a CNT |
|------|-----------------|-----------------|
| 1910 | 40.000          | 30.000          |
| 1920 | 200.000         | 700.000         |
| 1930 | 250.000         | 800.000         |
| 1936 | 1.500.000       | 1.500.000       |

Fonte: Elaboración propia.